



# ANATOMÍA APLICADA

MATERIA ESPECÍFICA DE OPCIÓN  
PARA 1º DE BACHARELATO.



## INTRODUCCIÓN

Anatomía Aplicada é unha materia **específica de opción** de **1º de Bacharelato**, cunha carga horaria de **3 horas/semana**. A materia pretende achegar os coñecementos científicos que permitan comprender o corpo e a motricidade humana especialmente en relación coa saúde. Anatomía Aplicada abrangue as estruturas e funcións do corpo humano máis relacionadas coa acción motora e o seu rendemento, como son o sistema locomotor, o cardiopulmonar ou os sistemas de control e regulación, abordando como estas estruturas determinan o comportamento motor e os efectos que a actividade física ten sobre elas e a saúde, así como nocións básicas dos sistemas de achega e utilización da enerxía, e as bases da conduta motora.

## CONTIDOS

A materia estrutúrase nos seguintes bloques de contidos:

- Organización básica do corpo humano. Farase especial énfase no estudo dos tecidos humanos (histoloxía).

- Sistemas de achega e utilización de enerxía: Introducción ao metabolismo. Aparato dixestivo e aparato excretor.
- Sistema cardiopulmonar: Aparato circulatorio e aparato respiratorio.
- Aparato locomotor: Sistema esquelético e muscular.
- Coordinación e regulación: Sistema nervioso e endocrino. Órganos dos sentidos.

## A QUEN VAI DIRIXIDA

A materia vai dirixida ao alumnado interesado en cursar graos ou ciclos formativos relacionados coas ciencias da saúde:

- Grao en Bioloxía
- Grao en Enfermería
- Grao en Farmacia
- Grao en Fisioterapia
- Grao en Medicina
- CS de Anatomía patolóxica e citodiagnóstico
- CS Hixiene bucodental

*Recoméndase que o alumnado que se matricule nesta materia teña cursado a Bioloxía e Xeoloxía en 4º da ESO, e que curse así mesmo Bioloxía e Xeoloxía de 1º de Bacharelato.*